



Concello do Porriño

MANIFESTO DO CONXUNTO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DO PORRIÑO POLO 25 DE NOVEMBRO, Día Internacional de Non Violencia contra as Mulleres.

Desde 1981, militantes e activistas a prol dos dereitos das mulleres fan do 25 de novembro un día de protesta e conmemoración contra da violencia de xénero.

Esta data foi escollida para honrar a memoria das irmás Mirabal (Aída Patria, Minerva e María Teresa), tres activistas políticas da República Dominicana que foron brutalmente asasinadas en 1960 polo ditador Rafael Trujillo.

Foi no ano 1980 cando a ONU declaraba (na II Conferencia internacional sobre as mulleres) por primeira vez na historia que *a violencia que se exerce contra as mulleres é o crime máis encuberto do mundo.*

Outras datas transcendentais foron:

_Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de **Medidas de protección integral contra a violencia de xénero**, e abreviada como LIVG ou VioGen— foi aprobada por unanimidade no Congreso das Deputadas/os, converténdose na primeira e única lei integral contra a violencia de xénero en Europa

_No ámbito autonómico, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a **Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero.**

_ **Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero** (reforma da lei Integral Contra a Violencia de Xénero) elaborado e aprobado en 2017 no Congreso das Deputadas/os. Introdúcense unha vintena de artigos amais para ampliar o concepto de violencia machista aos tipos de agresións contra as mulleres, incluíndo tamén, como vítimas ás persoas sometidas a escravitude por tráfico, explotación, acoso e agresións sexuais, así como ás que sofren mutilación xenital e matrimonio forzado e esterilizacións. Tamén queda incluída, a atención ás mulleres vítimas de violencia aínda que non denunciaron ao seu agresor, e o acceso ás axudas acreditando a súa situación de violencia cun documento proporcionado por servizos sociais. Todo isto é un garante de protección e adecuación á realidade das vítimas.



Concello do Porriño

A violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade e un grave atentado contra os dereitos humanos. Trátase dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo mero feito de selo e por seren consideradas, polos agresores como carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

Todas as mulleres, en todas as partes do mundo, podemos sufrir violencia de xénero, pero son especialmente vulnerables, as nenas e mulleres maiores, mulleres que se identifican como lesbianas, bisexuais, transxéneros ou intersexuais, mulleres migrantes e refuxiadas, procedentes de pobos indíxenas ou minorías étnicas ou mulleres e nenas que viven con VIH e discapacidades, e aquelas en crise humanitaria.

As mulleres e as nenas seguimos a sufrir violencia, unha violencia que ten nome e apelidos:

_Violencia dunha parella sentimental (violencia física, abuso psicolóxico, violación conxugal, feminicidio)

_Violencia e acoso sexual (violación, todo aquel acto sexual sen consentimento expreso, actos sexuais forzados, insinuacións sexuais non desexadas, abuso sexual infantil, matrimonio forzado, acoso, acoso na rúa, ciberacoso,)

_Tráfico de seres humanos (escravitude, explotación sexual).

_Mutilación xenital.

_Matrimonio infantil.

_Violencia económica, (privacións intencionadas e inxustificadas legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e nenos ou discriminación na subministración de recursos compartidos no campo da convivencia de parella).

_Violencia verbal e psicolóxica (conductas que pretenden a desvalorización da muller, a través de insultos . insinuacións, tanto no ámbito privado coma no público" constitúen o primeiro chanzo de formas máis visíbeis, como unha labazada.



Este 2020 está marcado pola pandemia da Covid-19 e a crise social e económica. Esta situación, volve evidenciar as desigualdades de xénero , onde unha vez máis constátase os déficits importantes na aplicación, seguimento e avaliación da normativa e medidas específicas de protección ás vítimas de violencia machista.

A dramática realidade é que os agresores teñen controlada completamente á vítima. As contornas privadas, a familia, os domicilios, son os espazos onde, desde sempre, a violencia está máis presente e nestes tempos de confinamentos as mulleres conviven moito máis tempo cos seus agresores, moitas veces en situacións de precariedade económica e vivindo na mal improvisada solución do teletraballo, agravando aínda máis os problemas. Estes feitos deben ser prioritarios nas políticas que se fagan desde as administracións competentes e despregar todo un aparato destinado a dar resposta a estas novas situacións que están empeorando moito a vida das mulleres, priorizando , tamén, os recursos económicos necesarios, como sería se se destinase o 1% do orzamento de todas as administracións que teñen competencia na loita contra a violencia ás mulleres.

No inicio da pandemia, as mulleres víronse expostas ao abandono institucional por non poder cumprir coas condicións para ingresar nunha casa de acollida, poñendo en risco aínda máis as súas vidas e as dos seus fillos e fillas, porque se lles pedían innumerábeis requisitos médicos e sanitarios vinculados á situación de seguridade sanitaria.

Urxe facer unha valoración global da situación na que se atopan as mulleres vítimas de violencia e dar unha resposta integral a todas estes atrancos que xorden da COVID-19.

A pandemia que illa mundialmente a unha poboación asustada e mergullada na incerteza, afonda na fenda de xénero tanto no uso dos recursos públicos como a acceso ao emprego, ampliando as dificultades do equilibrio entre a vida persoal, profesional e familiar, e dificultando a independencia económica das mulleres.



Concello do Porriño

Na nosa Comunidade, no primeiro semestre había 2.569 denuncias presentadas, ademais de 5.277 ordes de protección en vigor e os xulgados comunicaron 402 medidas de protección e afastamento. Os Centros de Acollida, no primeiro trimestre, tiveron unha ocupación media do 62,41%, prestando servizo a 140 persoas, 77 mulleres e 63 menores, e recibiron atención psicolóxica por violencia machista 226 persoas.

Engadir un dato que nos avergonza como sociedade, no estado español, cometéronse 80 feminicidios no que vai de ano, e 1070 mulleres asasinadas polo terrorismo machista desde o 2003

Toda corporación do concello do Porriño de maneira conxunta; rexeitamos de maneira expresa e clara, calquera acto de violencia contra as mulleres no marco do fomento dunha cultura da igualdade e do respecto á diversidade. Desde esta institución comprometémonos a traballar en incorporar a perspectiva de xénero de forma integral en todas as decisións que se adopten. Colaboraremos activamente na creación e dotación de medios dunha rede de entidades sensíbeis e comprometidas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero, fomentando a creación de sinerxías entre elas, co propio Concello, e coa sociedade no seu conxunto, exemplo disto son o CIM, centro de información á muller, un importantísimo recurso para a intervención integral de asesoramento xurídico, atención psicolóxica e orientación, e tamén os Plans de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, actualmente está desenvolvéndose o IV Plan

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución competencial en todas as accións que se desenvolvan, xa que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación, implica a multitude de axentes.

Así, as Entidades Locais, son para moitas mulleres o primeiro paso para saír do espazo da violencia; polo tanto desde o Concello do Porriño, manifestamos o noso compromiso como Administración Pública para liderar a loita contra a violencia de xénero mediante accións dirixidas a promover a igualdade entre mulleres e homes, como un valor social incuestionable para unha sociedade que se sustenta na defensa do dereito irrenunciabile da igualdade e a dignidade de todas as persoas.



Concello do Porriño

Comprometémonos, desde o Concello a desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a todo o persoal da administración local (non só dirixida ao persoal dos Centros de Información a Muller e dos servizos sociais) así como a todas as persoas integrantes da corporación municipal.

Comprometémonos a contribuír á erradicación da trata de seres humanos con fines de explotación sexual porque constitúe unha profunda violación dos dereitos humanos, que utiliza ás persoas, principalmente mulleres e nenas, como mera mercancía, restrinxindo a súa liberdade e atacando a súa dignidade.

Na nosa sociedade, constatamos a necesidade da inclusión en todas as fases educativas da educación afectivo-sexual e contra a discriminación e violencia de xénero desde a óptica feminista e desde a diversidade.; reforzando as actuacións con menores en contexto de violencia de xénero, reiterando, unha vez máis a petición de mellora dos puntos de encontro que seguen a ser lugares onde se trata con equidistancia á vítima e ao agresor coa desculpa de non interferir nas relacións coas crianzas, provocando situación violentas de por si, porque coloca á vítima ao mesmo nivel que o agresor

Tamén na familia, nos diversos tipos de familia, podemos actuar a favor da igualdade e da non tolerancia á violencia, fundamentalmente porque, nas familias educamos ás nenas e aos nenos que dirixiran a sociedade no futuro inmediato.

En definitiva, hoxe 25 de novembro do 2020, dende o Concello do Porriño, queremos reiterar o noso compromiso para loitar pola erradicación das violencias contra as mulleres, amosando o noso firme rexeitamento de quen a exerce e da complicidade de quen as silencia.

Para erradicar a violencia machista é preciso detectar o machismo, crear conciencia e mudar condutas.